



Recomendación dirixida ao Concello de Moaña para que se clarifique a sinalización da zona reservada para carga e descarga

Expediente: V.9.Q/24113/17

Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 2018

Sra. alcaldesa:

Agradecemoslle a remisión do seu escrito de data 13 de febreiro de 2018 e recordámoslle que é esta Institución quen ten a capacidade de valorar se inicia ou non un expediente con motivo do escrito de queixa presentado por un cidadán/a.

Neste caso si consideramos a necesidade de iniciar un expediente e solicitar información ao concello. Como sinalamos en anteriores escritos non dubidamos da pulcritude administrativa na tramitación do expediente sancionador e en ningún momento se puxo en cuestión a capacidade da policía local de aplicar a normativa vixente en materia de seguridade vial.

Si podemos comprobar, e nolo confirma a resposta que nos remite, que existe unha sinalización pouco clara que pode levar á confusión dos condutores, aínda que si é certo que estes deben ter unha dilixencia media para observar as sinais de regulación do aparcamento e estas aínda que deficientes existen.

Certamente existen unhas sinais verticais limitadoras do estacionamento colocadas na fachada dun edificio para facilitar as manobras dos camións ou camionetas de servizo, pero non é menos certo que a sinal amarela en zig-zag que indica o lugar na calzada onde o aparcamento está prohibido por estar destinado á carga e descarga (artigo 171 do Real Decreto 1428/2003), está semiborrada como informa a policía local. Non é menos certo que

existe tamén limitando a zona de aparcamento prohibida unha liña descontinua de cor branco que se emprega en espazos de aparcamento sen restricións.

Consideramos como xa afirmamos, que non se aprecian na tramitación do expediente sancionador irregularidades ou mala praxis administrativa e existe un acto administrativo firma por no ter sido recorrido.

Consideramos que si existen sinais que delimitan a zona de aparcamento prohibido e que aínda sendo deficiente e que poden provocar confusión é esixible a calquera condutor unha mínima dilixencia para observar as sinais existentes.

Por estas razóns non solicitamos da administración municipal que a través do procedemento que resultase procedente, se deixe sen efecto a sanción imposta, pero si vémonos na necesidade, polo considerado anteriormente, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facerlle chegar ao Concello de Moaña a seguinte **recomendación**:

*“Que se clarifique a sinalización da zona reservada para carga e descarga no sentido que determina o apartado a) do artigo 171 do Real Decreto Lei 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación”.*

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Reciba un atento saúdo.

Milagros María Otero Parga  
Valedora do Pobo